

ALFREDO L. GARCÍA RODRÍGUEZ, deputado provincial e portavoz do **GRUPO SOCIALISTA** da Deputación Provincial de Ourense, en base ó previsto no artigo 46 da Lei de Bases Reguladora do Réxime Local, ó artigo 91 e 97, entre outros, do R.O.F. e o Regulamento da Corporación presenta a seguinte **MOCIÓN SOBRE O CONTROL DAS CONTRATACIÓNS DE PERSOAL E DA ASISTENCIA Ó TRABALLO NA DEPUTACIÓN DE OURENSE**, esperando que sexa incluída na orde do día do vindeiro pleno, para o seu debate e posterior aprobación, se procede:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Tanto na pasada lexislatura, mediante preguntas feitas nos Plenos como preguntas feitas nas Comisións informativas, como no que vai desta, dende o Grupo Provincial Socialista estamos poñendo de manifesto o descontrol que existía e existe na Deputación, tanto no que se refire ós métodos de contratación de persoal como no referente ó sistema de control da asistencia ós postos de traballo na Deputación.

A política de persoal do Presidente da Deputación, como estamos poñendo de manifesto nos últimos tempos, é de absoluto descontrol dende o punto de vista do procedemento. Pero non sucede o mesmo desde o punto de vista dos réditos ou do pago de favores políticos do sr. Presidente a aqueles militantes do Partido Popular que traballan a fondo nas campañas e logo ven o seu esforzo recompensado cun posto de traballo, cun absoluto desprezo á legalidade vixente.

Recentemente a Deputación abriu unha oficina de recadación no concello de Vilamartín, oficina a que foi trasladado o alcalde de Rubiá ademais de contratar a un concelleiro do PP de O Barco e anteriormente de Vilamartín. Este feito suscita varias preguntas: ¿por que se crea esta oficina e con que fins?, ¿por que non se da conta diso en ningunha comisión informativa?, ¿que publicidade se lle deu á contratación da praza que ocupa o concelleiro para que puideran optar outras persoas con mérito e capacidade suficiente?, ¿que criterios se seguiron para a súa contratación e que tipo de contrato ten?

Desgraciadamente non son feitos illados e non hai como mirar para os contratos feitos nas brigadas de obras despois de calquera elección para comprobar como, por poñer un exemplo, o condutor do coche da campaña electoral do Partido Popular entrou a traballar recentemente. Estes feitos corrobóranse estes días, unha vez máis, ca denuncia dunha opositora a unha praza na escola de gaitas, que asegura que estaba preparada para alguén determinado segundo lle dixo o Sr. Baltar.

Dende o Grupo Provincial Socialista, temos “adiviñado” en varias ocasións quen ía ser o “agraciado” cun posto de traballo fixo na Deputación. E isto non é debido as nosas dotes de adiviños, é debido a que todo o mundo sabe, dende o momento da convocatoria dunha praza, a quen se lle vai pagar un favor político cun posto de traballo na Deputación de Ourense.

Estes son feitos denunciados reiteradamente polo grupo socialista como práctica habitual do presidente da Deputación

Pero con ser esto grave como estamos denunciando continuamente, tampouco se garante desde a Presidencia que determinados traballadores cumpran co seu horario de traballo, especialmente aqueles traballadores que teñan cargos públicos.

En consecuencia e ante o evidente “**descontrol**” nas contratacións e a discriminación que estase a dar por parte daqueles traballadores que ocupan cargos públicos fronte ao resto dos traballadores da Deputación que si cumpren estrictamente co seu horario de traballo e coas funcións que teñen encomendadas, propoñemos ao Pleno a adopción do seguinte **ACORDO**:

1. **O sr. Presidente da Deputación Provincial comprométese a informar puntualmente en cada Comisión Informativa de tódalas variacións e contratacións que se vaian a producir no referente á plantilla de persoal, ou no caso dalgunha urxencia, con carácter de dación de contas.**

2. O Sr. Presidente comprométese a presentar unhas bases de contratación para o seu debate na respectiva Comisión.
3. O Sr. Presidente establecerá un procedemento rigoroso para o control da asistencia ó traballo que permita ós funcionarios encargados de fiscalizar as nóminas, ter a seguridade de que os traballadores asistiron ó seu posto de traballo con regularidade, a salvo loxicamente das causas xustificadas.

Ourense a 3 de xullo de 2008

Asdo.- Alfredo García Rodríguez

A handwritten signature in black ink, appearing to read 'A. Garcia', with a long horizontal stroke underneath.

ILMO. SR. PRESIDENTE DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE